



**CONXEITO**  
CIF- G 70163381

A Xunta Directiva da Asociación Cultural e Promoción Social "**CONXEITO**", reunida en sesión extraordinaria para tratar como Único punto da Orde do Día a **Institución anual da Concesión da Mención Especial da Mostra Cinema e Sociedade** toma, por unanimidade, o seguinte Acordo:

### **MENCIÓN ESPECIAL 2008**

Hoxe, desde a **Mostra "Cinema e Sociedade"**, queremos pór en valor a labouira desenvolta dun colectivo de homes e mulleres, que desde aquela incipiente semente do 1º Festival de Teatro de Ribadavia a cotío veñen enchendo os espazos escénicos de pobos e vilas de Galicia, a semellanza daquela *Institución de Libre Enseñanza*.

**Así, desde a nosa nacente e humilde plataforma rendemos homaxe pública a unha xeración que, dun xeito moi visible,** está a poñer os firmes alicerces que servirán para poder falar o día de mañá do cinema en Galicia, é dicir, feito coas bases da nosa cultura, con historias moi nosas, cociñadas e contadas á nosa maneira e que reflicten a nosa verdadeira idiosincrasia

Neste noso primeiro paso, queremos facer recoñecemento ao noso elenco de actores- aos que nos referimos coma colectividade-, sen a súa encomiable labor o andamio das Artes da Imaxe non sería tan sólido, nin a construción dun porvir inmellorable para o gremio sería tal.

Estamos nunha etapa de cambio, nunha etapa de incerteza pero tamén de esperanza. Temos as bases: temos historias e cultura, temos profesionais (actores, actrices, directores, guionistas...), temos produtoras e xentes que entregan o mellor de sí ao mundo da imaxe... En definitiva, tódalas posibilidades son nosas. Falla que o compromiso da opinión pública, organismos polífticos, administrativos, económicos e demáis axentes sociais, respalden de xeito contundente **o agarimo e devoción que, día a día, veñen a demostrar os nosos homes e mulleres que desenvolven as súas actividades e ilusións no mundo da Imaxe.**

Así, a Asociación Cultural e de Promoción Social **Conxeito**, organizadora da Mostra "Cinema e Sociedade" concede a **MENCIÓN ESPECIAL 2008 á Academia Galega do Audiovisual, na persoa da súa presidenta, a actriz María Bouzas e a Axencia de Actores e Actrices, na persoa do seu presidente, Vicente Montoto.**

**E para que conste a todos os efectos oportunos dan fe e constancia os abaixo asinantes, en Ferrol a 25 de agosto do ano 2008**

O Secretario

Asdo) José Miguel Lorenzo Casteleiro

Visto e prace O presidente

Asdo) Luis Calvo Teijo